

BASES DA CONVOCATORIA PARA A ACREDITACIÓN DE MÉRITOS CLÍNICOS NO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA PARA PROFESORADO DA FACULTADE DE VETERINARIA NON VINCULADO

Por resolución da Xerencia da Fundación Pública Galega Rof Codina (en diante FPG-RC), anúnciase a convocatoria dunha convocatoria para permitir que o profesorado da Facultade de Veterinaria de Lugo que non estea vinculado ao HVU-RC poida acreditar os méritos clínicos acadados no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (en adiante HVU-RC).

DISPOÑO

Primeiro. - OBXECTO DO PROCESO:

A convocatoria dun proceso público aberto de recoñecemento e acreditación por parte da Xerencia da FPG-RC dos méritos clínicos que acadaran desde o 1 de xaneiro de 2012 ata a data de publicación desta convocatoria os/as profesores/as da Facultade de Veterinaria de Lugo no HVU-RC.

A efectos desta convocatoria enténdense por méritos clínicos aquelas actividades clínicas levadas a cabo no HVU-RC, con pacientes co seu correspondente número de historia clínica, diferentes das actividades docentes prácticas do grao de Veterinaria desenvolvidas dentro do citado hospital.

Segundo. - REQUISITOS DAS PERSOAS CANTIDATAS:

As persoas candidatas que desexen participar no proceso de acreditación deberán posuír e/ou cumprir, o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- A persoa solicitante deberá ser persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo da Facultade de Veterinaria de Lugo.

Terceiro.- DOCUMENTO ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

O documento que se emitirá será un certificado conxunto da Xerencia da FPG-RC e da Dirección Veterinaria do HVU-RC no que constará a identificación da persoa solicitante, o

número de horas de actividade clínica acreditada semanal e a especialidade clínica na que se acreditan.

Mediante este documento non se acredita ningunha vinculación co HVU-RC.

Cuarto.- INSTANCIA:

O prazo de solicitude de bases e presentación de instancias será de 15 días naturais contados a partir da súa publicación na páxina web da FPGRC (www.rofcodina.org). A entrega realizarase na secretaría da FPGRC en horario de 09:00 a 15:00, segundo o modelo anexo, que tamén estará dispoñible na web.

Os/as aspirantes deberán acompañar xunto ao modelo de instancia, copia do seu documento nacional de identidade e un informe no que se fagan constar os méritos clínicos que se pretenden acreditar, especificando dedicación e o número horas semanais independentes da dedicación docente e os documentos que consideren oportunos para a xustificación destes.

Quinto.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A composición da comisión de valoración será a seguinte:

- Presidente: Javier Ferreira Fernández, xerente da FPG-RC.
- Vogal 1º: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.
- Vogal 2º: María Luisa Suárez Rey. xefa de Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora titular de Universidade.
- Vogal 3º: Andrés Barreiro Lois. xefe de Servizo de Diagnostico pola Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.

Para que o Tribunal de Selección se constituía validamente, será necesaria a asistencia de todos os membros e os acordos tomaranse por maioría.

Sexto.- PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN:

Unha vez recibidas todas as solicitudes, o tribunal valorará os méritos solicitados e o informe xustificativo destes. O tribunal comprobará, tamén, que as actividades clínicas alegadas coincidan coas rexistradas na base de datos de historias clínicas do HVU-RC.

Finalizado este proceso de valoración e comprobación o tribunal emitirá un ditame no que se indicará o número de horas de actividade clínica semanal que se acredita para cada solicitante e a especialidade clínica na que se acreditan. Este ditame será publicado na páxina web da FPG-RC.

As persoas interesadas terán 3 días hábiles para facer as alegacións que consideren oportunas perante o ditame do tribunal. Unha vez finalizado este prazo o ditame pasará a ser definitivo e será elevado á Xerencia da FPG-RC para que emita os correspondentes certificados acreditativos.

Sétima. – RÉXIME LEGAL

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases desta e o Regulamento de Réxime Interno do HVU-RC. Para todo o non previsto nestas estarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e a Lei 12/2006, do 1 de Decembro de fundacións de interese galego, e demais disposicións vixentes que sexan aplicables ás Fundacións.

En Lugo, a 18 de novembro de 2022.

Asdo.: Javier Ferreira Fernández
Xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

Apelidos:		Nome:	
DNI:	Data de nacemento:	Tlf:	
Domicilio:	Localidade:	E-mail:	
SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para acreditar os méritos clínicos no HVU-RC para profesorado da Facultade de Veterinaria a que se refire a Resolución da Dirección Xerencia da Fundación Pública Galega Rof Codina do 18/10/2022, ao considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria			
Méritos clínicos que se pretenden acreditar:			
Relación de documentos que acompañan a presente solicitude			Nº de orde
Data e sinatura: ____ de _____ do 2022		Espazo reservado para rexistro de entrada	
<small>La Fundación Rof Codina, con domicilio social en Estrada da Granxa S/N Facultad de Veterinaria USC 27002 Lugo, en aras de garantir un estricto cumprimento de la normativa sobre Protección de Datos personales y el ejercicio de sus derechos personales, le informa que los datos personales que Vd. nos proporcione, así como los datos a los que esta Fundación tenga acceso como consecuencia de la presente convocatoria, del mantenimiento de la relación que le une o le pueda unir con esta Fundación, del envío de comunicaciones incluyendo las comunicaciones electrónicas y de la gestión integral de su información personal en la Fundación, serán incorporados a varios ficheros automatizados o no, para lo cual Vd. presta su consentimiento expreso, preciso e inequívoco. Dichos ficheros, han sido debidamente inscritos ante el Registro General de Protección de Datos. La Fundación le garantiza en todo momento el derecho a conocer los criterios y programas utilizados. La finalidad de estos ficheros responde a la necesidad del tratamiento de su información personal para la gestión tanto económica como administrativo-docente y de investigación así como para la realización de actividades de difusión y publicidad de la Fundación. Todos los datos que se le solicitan son obligatorios y la negativa a suministrarlos supondrá la imposibilidad de concluir o mantener la relación que le une con la Fundación. La Fundación le informa que su información podrá ser cedida en virtud de las cesiones obligatorias establecidas en la Ley así como a aquellas empresas, entidades u organismos patrocinadores así como a través de las publicaciones o acciones de difusión realizadas por la Fundación para lo cual VD. consiente expresamente. La Fundación garantiza que ha adoptado las medidas oportunas de seguridad en sus instalaciones, sistemas y ficheros, así como el tratamiento confidencial de los Datos Personales de conformidad con la legislación vigente aplicable, si bien, podrá difundir las características generales de los proyectos empresariales presentados, y en su momento, los nombres de los proyectos ganadores y sus promotores. La Fundación le garantiza en todo momento el ejercicio de sus derechos de acceso, cancelación y oposición en los términos establecidos en la legislación vigente, dirigiéndose por escrito e indicando el concreto derecho que desea ejercitar a cualquiera de las direcciones anteriormente indicadas.</small>			

EXCMO. SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/11/2022 14:37:15.

CSV: 7677-E44D-493A-89B4